



CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN.

RAFAEL CASTILLO REBOIRO, SECRETARIO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN.

C E R T I F I C O.- Que polo Pleno do Concello en sesión ordinaria celebrada o día vinte e tres de outubro de dous mil vinte, adoptouse, entre outros, o acordo que transcrito literalmente di:

1.09º.- PROPOSTA DOS VECIÑOS DE VILACHÁ SOBRE O CAMIÑO DE INVERNO.

Expediente 323/2020. Camiño de inverno por Torbeo-Vilachá- Rozavales.

Dáse conta da seguinte proposta da asociación de veciños de Vilachá.

O 25 de xuño de 2020 presentamos un informe técnico na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia. Este é o órgano responsable da delimitación dos camiños a Santiago de Compostela.

Este informe, baseado en documentación histórica e informes toponímicos, certifica o paso do Camiño de Inverno polas seguintes parroquias: Torbeo (Concello de Ribas de Sil), Vilachá de Salvador (Concello da Pobra do Brollón), Rozavales, Vilamarín, Caneda e Santa Mariña do Monte (Concello de Monforte de Lemos).

A certificación deste itinerario comezou co informe presentado en 1999 polo Concello de Monforte de Lemos e encargado pola actual presidenta da Asociación de Camiños a Santiago pola Ribeira Sacra, Aida Menéndez.

A alteración do trazado produciuse entre 2005-2006 ao pechar o complexo de Augas Mestas que contaba cun catamarán que permitía o cruce do lado da Covela á Barxa e salvar así o río Sil.

A modificación por causas técnicas non nega nin desterra a tese de que o trazado orixinal fose o indicado anteriormente. Por tanto, con base no principio de rigorosidade histórica, o Camiño de Inverno orixinal debe recoñecerse como tal á espera das solucións pertinentes por parte das administracións públicas.

Ademais do citado informe de 1999, e como resultado da investigación levada adiante pola nosa asociación, incorporamos tres teses que reforzan o trazado orixinal.

1º O topónimo de Rozavales foi imposto no século XII polo rei Afonso IX (o impulsor do Camiño de Santiago). Rozavales é a forma galega de *Roncesvalles*, que é o inicio do Camiño Francés e de aí a simboloxía da escolla. Ademais, acreditamos documentalmente a existencia dun hospital de peregrinos a cargo da *Confraría do Hospital de Roncesvales*.

2º No *Tombo B* da Catedral de Santiago de Compostela dise que o rei Afonso IX doa a igrexa de Salvador (topónimo anterior a Rozavales) á orde de *Hospital de Rozavales*. Por tanto, certifica a existencia dun “albergue de hospitalidade”, como se entendía entón a palabra *hospital*.

3º Documentamos, grazas aos textos dos mosteiros de Montederramo e de San Vicente do Pino, a existencia dunha ruta comercial ligada ao viño durante os séculos XII-XIX (por tanto, dun



camiño de uso continuado) entre Torbeo-Vilachá-Rozavales que ía dar a Monforte de Lemos. Esta ruta era a usada polos peregrinos do Camiño de Inverno.

A existencia do Camiño de Inverno foi recoñecido oficialmente polo Parlamento de Galicia mediante a Lei 5/2016 do 4 de maio de patrimonio cultural de Galicia (art. 73).

A partir de aquí comezan os traballos para a delimitación do percorrido (que aínda non é oficial). Por este motivo a nosa asociación enviou o citado informe técnico, que podería contar (se for o caso e así o solicitase a Xunta de Galicia) co aval de institucións académicas e científicas coas cales xa falamos (Universidade de Vigo, Universidade de Santiago de Compostela, Instituto da Lingua Galega, Consello da Cultura Galega, Real Academia Galega e Consello de Toponimia da Xunta de Galicia).

Ademais, e para que conste nesta moción, en ningún momento esta asociación rexeita nin desacredita o actual tramo do Camiño de Inverno. Cremos que, como noutros puntos dos distintos camiños a Santiago (Samos-San Xil ou Tui-A Guarda), poden convivir as dúas alternativas de maneira oficial.

Por tanto, solicitamos a este Pleno:

1.- O seu apoio á demanda desta asociación para o recoñecemento do Camiño de Inverno a Santiago de Compostela ao seu paso por Torbeo-Vilachá-Rozavales conforme á documentación histórica presentada.

2.- O seu apoio para levar adiante as iniciativas necesarias para defender, difundir e promocionar este percorrido.

3.- A súa colaboración para solicitar á Xunta de Galicia os informes pertinentes para o recoñecemento oficial do Camiño de Inverno ao seu paso por Torbeo-Vilachá-Rozavales.

Á vista do anterior, por unanimidade acórdase.

1.- Dar apoio á demanda desta asociación para o recoñecemento do Camiño de Inverno a Santiago de Compostela ao seu paso por Torbeo-Vilachá-Rozavales conforme á documentación histórica presentada.

2.- Dar apoio para levar adiante as iniciativas necesarias para defender, difundir e promocionar este percorrido.

3.- Colaborar na solicitude á Xunta de Galicia dos informes pertinentes para o recoñecemento oficial do Camiño de Inverno ao seu paso por Torbeo-Vilachá-Rozavales.

Así resulta do Borrador da Acta da sesión a que me refiro, e para que conste, ós efectos oportunos e coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, expido a presente que asino e selo de orde e co visto e prace do Alcalde na Pobra do Brollón a vinte e tres de outubro de dous mil vinte.

v. e pr.

O Alcalde,

